GUÍA PARA A ELABORACIÓN DA MEMORIA DO TFM DO MUIoT

(Aprobada na CAI do 09/04/2025)

1. ASPECTOS FORMAIS DO DOCUMENTO

- Tipografía e espazado

Recoméndase o uso das fontes Times New Roman ou Baskerville en estilo recto (non cursiva), cun tamaño non inferior aos 12 puntos. Nos encabezados, notas ao pé, notas finais e bibliografía pódese empregar un tamaño de letra menor. Os parágrafos do texto deben ter un espazado sinxelo, deixando unha liña en branco entre eles. O texto debe estar xustificado en ambos marxes, de xeito que a lonxitude de cada liña sexa uniforme. O uso da cursiva debe limitarse aos seguintes casos, sen abuso:

- Para salientar palabras ou frases dentro dun parágrafo (énfase);
- Para neoloxismos ou palabras estranxeiras que non estean amplamente adoptadas;
- Para nomes propios noutras linguas, se así o requiren as convencións.

- Formato da páxina

A memoria do TFM deberá presentarse sempre en formato DIN A4, a dobre cara e con impresión a dobre cara. As marxes superior, inferior, dereita e esquerda non deberán ser inferiores a 25 mm.

- Títulos, encabezados, pés de páxina e notas ao pé ou á marxe

Os títulos de seccións e subseccións deben aliñarse á esquerda, escribirse en negriña e numerarse. Non se recomenda empregar máis de dous niveis xerárquicos no documento. En lugar diso, suxírese o uso de encabezados de páxina que indiquen o título do documento ou da sección correspondente, podendo ser diferentes nas páxinas pares e impares. Todas as páxinas do documento, agás a portada, deben numerarse con cifras arábigas.

As notas ao pé ou á marxe, así como as lendas ou epígrafes de táboas, figuras e gráficos, deben empregar a mesma tipografía ca o resto do documento, aínda que nun tamaño menor.

- Figuras e táboas

As figuras e táboas deben colocarse preferiblemente na parte superior ou inferior da páxina, ou ocupar unha páxina completa. Deben incluír sempre unha etiqueta numerada de referencia e un título ou lenda explicativa. Cómpre garantir que as figuras sexan claras e lexibles.

- Ecuacións, símbolos matemáticos e unidades

As ecuacións e expresións matemáticas non triviais deben escribirse centradas na páxina, ocupando unha ou varias liñas. Numeraranse no caso de que deban ser referenciadas noutras partes do documento. A notación matemática (nomes de variables, operadores, etc.) é libre, pero debe manterse coherente ao longo de todo o texto. Non se deben introducir símbolos ou operadores propios sen definilos previamente.

Lémbrase que as unidades de magnitudes físicas son símbolos, non abreviaturas; por tanto, non levan punto e deben escribirse conforme á norma (por exemplo: 10 m, 3 GHz). Débese empregar notación científica para expresar cantidades numéricas. Nesta notación, salvo casos excepcionais, non é recomendable o uso de cifras con moitos decimais.

- Bibliografía

As referencias bibliográficas deben redactarse empregando o estilo de citación IEEE ou o estilo Harvard. Cada entrada debe conter información suficiente para identificar claramente os autores, o título do documento, a publicación na que aparece e o ano de publicación. No caso de documentos electrónicos, deberase incluír a URL de acceso e a data de consulta.

2. ESTILO

En calquera documento científico ou técnico, a claridade debe prevalecer sobre calquera outra consideración estilística. Ademais, a memoria do TFM debe ser un documento completo por si mesmo, é dicir, debe conter información suficiente para que o lector poida comprendelo sen necesidade de recorrer ao contexto nin a fontes externas.

Recoméndase empregar un estilo de redacción neutro e obxectivo. Débese evitar o uso da primeira persoa. Os parágrafos excesivamente longos ou mal estruturados dificultan gravemente a comunicación do contido. Cómpre empregar terminoloxía técnica e científica con rigor e precisión, evitando o uso de linguaxe informal.

3. ESTRUTURA

O documento do TFM deberá estruturarse como un informe cunha extensión de entre 25 e 50 páxinas, incluíndo táboas, gráficos e a portada establecida. A continuación, poderanse engadir os anexos técnicos que se consideren necesarios, co fin de que o informe final sexa o máis autónomo e completo posible.

O contido do documento deberá abordar, como mínimo, os seguintes aspectos:

A. Introdución ao problema.
B. Análise de necesidades e estudo do estado da arte.
C. Obxectivos.
D. Metodoloxía desenvolvida de forma sucesiva.
E. Decisións técnicas adoptadas, incluíndo o uso de normas ou estándares, ou xustificando a súa ausencia.
F. Resultados obtidos, xustificando, se é o caso, as razóns polas que non se acadaron todos os obxectivos.
G. Discusión e conclusións. No caso de ser pertinente, valorarase o impacto do traballo en aspectos relacionados coa responsabilidade legal, ética e profesional, como a privacidade, a seguridade, entre outros, así como a súa influencia nos resultados obtidos.
H. Bibliografía.
I. Anexos técnicos que incorporen información adicional relativa a calquera dos apartados anteriores ou que desenvolvan novos aspectos relevantes do traballo realizado.